

## **DESCONVOCADA FOLGA EN LITEYCA**

### **Atínxese un preacordo en Liteyca que pon fin a 15 días de folga**

Os traballadores de Liteyca da planta de Bergondo voltaron o pasado 8 de agosto aos seus postos de traballo logo de que se chegase a un preacordo, no que a compañía se compromete a cumprir co Convenio do Metal. Os traballadores de Liteyca de Lugo desconvocaron a folga que preavisaran a semana pasada.

A Sección Sindical da CIG en Telefónica, unha vez tivo coñecemento con datos das persoas que voluntariamente se prestaron a facer horas extraordinarias para reparar avarías acumuladas pola folga de Liteyca na zona de Ferrol, vémonos na obriga unha vez máis de facer un chamamento a todo o cadro de persoal para que cando exista un conflito como este, non se presten voluntarios para substituír ós traballadores en folga. Debemos ter un mínimo de solidariedade co resto de traballadores, non é lícito buscar o noso beneficio persoal a costa dos dereitos dos demais.

**RESPECTEMOS O DEREITO DE FOLGA !!**

**SOLIDARIEDADE ENTRE OS TRABALLADORES !!**

A Coruña 10 de Agosto de 2007

---